

REAL ACADEMIA GALEGA

**SOBRE A LITERATURA GALEGA:
UN ACHEGAMENTO SUBXECTIVO**

DISCURSO LIDO
O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2002,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CAMILO GONZÁLEZ SUÁREZ-LLANOS

E RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE



A CORUÑA
2002

**SOBRE A LITERATURA GALEGA:
UN ACHEGAMENTO SUBXECTIVO**

I.S.B.N.: 84-87987-34-6

Depósito Legal: VG. 1033-2002

© REAL ACADEMIA GALEGA, 2002
Producción: Real Academia Galega

REAL ACADEMIA GALEGA

SOBRE A LITERATURA GALEGA:
UN ACHEGAMENTO SUBXECTIVO

DISCURSO LIDO
O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2002,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CAMILO GONZÁLEZ SUÁREZ-LLANOS

E RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE



A CORUÑA
2002

DISCURSO
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON
CAMILO GONZÁLEZ SUÁREZ-LLANOS

Señoras e señores académicos,
señoras e señores:

En primeiro lugar, quero expresa-lo meu agradecemento a tódolos membros desta Academia por aceptarme nela. Sei que estas palabras poden cualificarse de protocolarias, pero isto non impide e, desde logo, non o impide no meu caso, que sexan absolutamente sinceras. Como tamén son eu absolutamente sincero se digo que non me creo merecente desta honra. Por esta razón aprecio máis o xuízo, ó meu ver en extremo xeneroso, dos que propuxeron a miña candidatura e de tódolos que me consideraron digno de ocupar aquí unha cadeira. Só podo agregar que farei todo canto estea ó meu alcance para non decepcionalos.

Por se todo o anterior fose pouco, ocorre que esta cadeira pertenceu previamente ó insigne historiador e arqueólogo don Xesús Carro García. A miña incompetencia para levar a cabo unha análise, por superficial que sexa, da súa personalidade, da súa obra e do seu labor cultural corre parella coa admiración e o respecto que me suscitan. Admiración, ante todo, pola autenticidade vocacional da que son produto; o amor á Historia e á Arqueoloxía galegas e, especialmente, a todo o relacionado co universo compostelán, agromou en don Xesús Carro desde moi novo, cando era estudante no seminario, e fructificou logo, no decurso da súa vida, en innumerables artigos, colaboracións -algunhas delas publicadas en *A Nosa Terra* e en *Logos*- conferencias, cursos, libros etc., etc. Persoalmente, non podo deixar de lembrar aquí -non en balde nacera eu á beira do Camiño Francés- o interese con que acollín, hai máis de trinta anos, o seu libro *A pelengrinaxe ao Xacobe de Galicia*, remitido por Galaxia e o asombro que produce a lectura das listas, repartidas polos capítulos do libro, dos ilustres peregrinos que chegaron ó longo dos séculos a esa cidade do mundo que foi Santiago de Compostela.

É necesario salientar tamén a valiosa cooperación de don Xesús Carro con institucións, iniciativas e obras culturais. Por exemplo, o seu traballo na Sociedad de Amigos del País, e no Seminario de Estudios Galegos, como encargado da sección de arqueoloxía e historia da arte, sendo da súa autoría a parte sobre arqueoloxía relixiosa na monumental *Terra de Melide*; traballou así mesmo no Instituto Padre Sarmiento, como xefe de estudos composteláns, colaborou en obras puntuais como a de K. J. Conant sobre a Catedral de Santiago, e realizou o estudio das miniaturas para a edición do *Codex Calistinus*, de W. M. Whitehill. Fóra do ámbito galego, foi membro do

Instituto Español de Estudios Medievales e correspondente das Academias de Historia e de Bellas Artes de San Fernando, etc.

Por outra parte, a súa identificación con Santiago de Compostela non lle cegou, senón que seguramente lle estimulou o desexo de coñecer e investigar noutros países europeos -Francia, Inglaterra, Alemaña, Italia-, desexo que puido satisfacer en boa parte gracias á Xunta Superior de Ampliación de Estudos; nin o seu interese polo pasado lle impediu actuar con espírito moderno en novos medios de comunicación como a radio e mesmo o cine.

Entre as moi numerosas medallas e condecoracións con que don Xesús Carro foi distinguido, imaxino que lle causaría unha especial satisfacción o nomeamento de fillo predilecto de Santiago de Compostela.

En definitiva, don Xesús Carro figura con todo dereito na pléiade exemplar e irrepitible dos ilustres representantes da cultura galega das xeracións anteriores á Guerra Civil.

* * *

No meu discurso quixera expoñer algunhas consideracións verbo da literatura galega e dos seus problemas. Desde logo, tódalas literaturas, sexan do país que sexan, teñen problemas, pero claro está que non todas teñen os mesmos, xa que a situación, as condicións de todo tipo de cada país son diferentes. Concretamente, no caso de Galicia, a súa pertenza ó Estado Español orixina unha serie de problemas específicos e unha tensión dialéctica continua, aínda que variada segundo as circunstancias históricas. Comezarei, pois, tratando de explica-la miña visión do nacionalismo galego como punto de partida e, consecuentemente, da literatura galega, dentro desta tensión dialéctica. E tendo en conta que o ingrediente esencial que configura o pobo galego é o seu idioma, detereime na indisoluble vinculación, non exenta de dificultades, entre a lingua e a literatura galegas, para centrarme, finalmente, nunhas breves reflexións sobre esta última.

Debo dicir, ante todo, que uso a palabra “nacionalismo” nun senso moi amplo. Considero que é nacionalista toda actividade encamiñada a preservar e fortalece-lo ser e a identidade de Galicia como tal, sobre a base, repito, da consideración da lingua como o factor esencial da nacionalidade galega. Por outra parte, debo tamén, en segundo lugar, pedir desculpas polas continuas referencias á miña experiencia persoal; de aí que

cualifique de “subxectivo” o meu escrito. Pero confío en que este carácter subxectivo non o invalide enteiramente e que sexa expresión, en boa medida, non tanto dunha experiencia individual como xeracional. En realidade, o que importa non é a miña experiencia, senón os factores históricos, políticos e sociais que interviñeron nela e que a condicionaron. E, finalmente, debo pedir desculpas tamén por incidir en tópicos mil veces analizados sobre os que non teño ningunha autoridade científica, a diferenza de tantos membros desta ilustre Corporación. Pero, despois de todo, son cuestións difíciles ou imposibles de eludir cando se trata de problemas como o da literatura galega.

* * *

Pertenzo a unha das primeiras xeracións formadas, ou deformadas, pola versión máis dura de España, a dos primeiros anos da posguerra: a España sentinela de Occidente, represora, inquisitorial, dictatorial, orgullosa de ter sido luz de Trento -“no quisiera que le dejásemos a nadie el supremo honor de defender de nuevo los cánones de Trento”, escribiu Euxenio Montes-; luz de Trento, dicía, e martelo de herexes, dous dos seus títulos de gloria e de grandeza, segundo a famosa definición de Menéndez Pelayo. España estaba enfrontada co resto do mundo e, sobre todo, con Europa. Todo canto non formaba parte desta España era anti-España, un universo de perdición e decadencia. E a dictadura imperante trataba de manternos incontaminados, clausurados neste ámbito amurallado, nesta mesquiña illa pretendidamente salvadora.

Non é de estrañar que tal situación nos orixinase unha sorte de claustrofobia, un desexo irrefreable de liberación, de respirar aires abertos ou, dito doutra maneira, de respirar na atmosfera ilimitada do que se consideraba a anti-España.

Naturalmente, non resultaba doado satisfacer este desexo, nin sequera minimamente, estando, como estaban, tan pechados tódolos camiños. Pero se se nos presentaba algún polo que, malia todo, puidesemos transitar, non deixabamos de aproveitalo. E, máis en concreto, se chegaba ás nosas mans algunha obra mal vista, ou mesmo prohibida polos vixiantes do dogma, apurabámonos a lela. E debo sinalar aquí o interese que, polo menos nalgúns de nós, suscitaron desde a nosa mocidade os escritores da chamada Xeración do 98, en especial, no meu caso, Baroja e Azorín, nos que se condensa con máis forza o que adoita denominarse “espírito do 98”. Deixando agora á parte as súas respectivas evolucións políticas posteriores, nas que hai, con seguridade, moitos motivos para un desacordo radical, atopamos en Baroja e en Azorín unha visión

crítica, a miúdo duramente negativa, da España fáctica; unha visión que os sitúa nos territorios da anti-España. Facendo uso, ou máis ben abuso, do pensamento de Kierkegaard, diríamos que hai en Baroja, en Azorín, en Antonio Machado, unha preocupación ética, que contrasta co esteticismo españolista frecuente na posterior Xeración do 27 (no tocante a Unamuno, non sei se a súa actitude podería cualificarse máis ben de relixiosa).

Quixera determe brevemente nun punto que nos importa de maneira particular. Refírome á opinión que os dous autores inicialmente citados, Azorín e Baroja, nos ofrecen dos “nacionalismos periféricos”, segundo a expresión hoxe tan repetida, non sen certa carga de desprezo.

Polo que respecta a Baroja, é verdade que atacou o catalanismo dunha maneira lamentable, esgrimindo os tópicos tradicionais do nacionalismo hexemónico e que tampouco foi máis comprensivo co nacionalismo vasco. Con todo, non hai que esquecer a súa admiración declarada por figuras como Maragall, nin a súa identificación co País Vasco, patente nas súas novelas nel ambientadas, nin o feito de que, malia ter vivido case sempre en Madrid, aprendese a falar en éuscaro e que o seu escepticismo verbo da posibilidade dunha plena normalización desta lingua non lle impida dicirnos, aínda que, sen dúbida, como mero recurso literario, que novelas como *El laberinto de las Sirenas* estaban orixinalmente escritas en vasco, téndose el limitado a traducilas, co cal está a recoñecerlle a esa lingua unha total capacidade para a expresión literaria. E nas súas memorias *-Desde la última vuelta del camino-* non vacila Baroja en proclamarse “vasquista” e mesmo relata unha conversa que mantivo con Unamuno na que acabou confesando, ante o escándalo deste, que o que de verdade lle gustaría sería escribir sinxelas poesías en éuscaro.

Pasemos logo a Azorín. Son ben coñecidas as páxinas, cheas de fina sensibilidade e de simpatía, que o autor de *Castilla* lle dedicou a Galicia. Pero aquí vou ceder á tentación de transcribir unha cita traducida e inserida por Risco na súa *Teoría do nacionalismo galego*. É a seguinte: “¿Que é un Estado e que é unha nación? En España existe un Estado e hai varias nacións. De ‘nacións’ faláron sempre os escritores clásicos -Lope, Gracián, Cervantes- ó se referiren a cataláns, vascos, galegos etc. ‘As nacións de España’ é o título que Gracián [...] pon nun anaco do *Criticón* no que, efectivamente, fala de cataláns, vascos, galegos [...]. E nun Estado no que coexisten varias nacións ¿como poderemos falar dun idioma nacional? Se cada unha desas nacións -como pasa en España- ten a súa lingua, todas serán igualmente nacionais [...]. Non atinamos a ver -

conclúe Azorín- relación ningunha entre o patriotismo e a libre, libérrima vida dos idiomas nacionais dentro do mesmo Estado”.

Non é posible, penso, maior coincidencia cos postulados dos nacionalistas “periféricos”, pero este plurinacionalismo que Azorín defendía no seu libro *El licenciado Vidriera* -alomenos na edición manexada por Risco, pois parece que as edicións posteriores foron expurgadas-, este plurinacionalismo, dicía, aínda é hoxe teimosamente rexeitado polos principais partidos políticos caracterizados como de “ámbito estatal”.

Desde logo, non era nin moito menos a Xeración do 98 o único eido onde buscabamos horizontes de heterodoxia. Con verdadeira gana adquiriamos literatura estranxeira, aínda que a miúdo non era doado conseguí-la que máis nos interesaba. As nosas lecturas eran, pois, heteroxéneas e desordenadas, pero sempre á marxe ou en contra do ámbito ideolóxico imposto polo rexime.

Penso que ata os primeiros anos da década dos cincuenta viámo-la liberación sobre todo en Francia, e non aludo só ós escritores franceses representantes do existencialismo, senón a toda a cultura francesa; francesas eran mesmo as cancións que daquela preferiamos e o local madrileño máis ou menos inspirado nas *caves* literarias parisienses que gustabamos de frecuentar; París era a meta arelada. Despois foise impondo a influencia anglosaxona; a París sucedeuille Londres, mais este proceso foi degradándose ata desembocar na actual globalización da subcultura “pop”. Pero esta é outra cuestión.

En definitiva, o noso encontro coa cultura e a historia galegas tardou en producirse moito máis do que sería de esperar nunha sociedade libre, e produciuse, claro está, en circunstancias nada propicias para ámbalas dúas.

No noso bacharelato tiveramos que aprender de memoria ata os títulos dos sainetes de don Ramón de la Cruz, mais os nomes de Castelao, de Otero Pedrayo, de Risco, etc., etc., sinxelamente non existían. En realidade, non estaba silenciada e prohibida soamente a literatura galega, senón que a propia Galicia ficara sen presenza, ocultada, anulada como unha entidade molesta e incompatible coa afirmación española. Galicia como tal non tiña sitio na Historia de España.

* * *

A pesar de todo isto, puidemos entrar en contacto co circulo máis comprometido

na reivindicación dos dereitos e da identidade do pobo galego. O relevo desta reivindicación fora recollido polos homes da Xeración da Guerra -a xeración dos sorprendidos en plena xuventude, ou mesmo militarizados, pola Guerra Civil; entre eles figuraban Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, cos que tiveron un trato longo e, polo que a min concerne, verdadeiramente importante.

O descubrimento do feito político-cultural galego supuxo para min unha posibilidade máis radical de ruptura co estreito e asfixiante nacionalismo hexemónico, e a plena adhesión a unha lingua e, polo tanto, a un pobo condenados por el ó exterminio. Pero supuxo tamén a experiencia viva dunha apertura seria e rigorosa, non á escolástica do século XIII, senón ó pensamento europeo contemporáneo, e a descuberta da posibilidade de participar no desenvolvemento dunha literatura, para o meu deficiente punto de vista inicial, pouco menos que inédita.

Era, certamente, un punto de vista en extremo defectuoso. Porque inicialmente non tiñamos, ou non tiña, unha idea minimamente aceptable da obra das xeracións de preguerra, insuperable e mesmo inigualable en tantos aspectos. Conforme fomos remediando, alomenos parcialmente, este descoñecemento, decatámonos de que o europeísmo, a apertura ó mundo, era un trazo afín ó nacionalismo galego, unha dimensión del e, polo tanto, da propia literatura galega, da que había nestas xeracións de preguerra exemplos eminentes. Recordaremos aquí dous deles: o de Vicente Risco e mailo de Xohán Vicente Viqueira.

No seu escrito “Nós, os inadaptados”, unha especie de manifesto xeracional, ofrécenos Risco unha mostra dos escritores favoritos del e dos seus compañeiros literarios nos anos de xuventude, cando eran entusiastas dos movementos de vangarda. Na lista figuran escritores ingleses -Ruskin, Carlyle, Swinburne, Rossetti, Poe nun posto sobranceiro-, escritores franceses -Baudelaire e tódolos poetas simbolistas e prosistas como Péladan, Huysmans, Léon Bloy, o conde de Lautréamont etc., etc.-, portugueses -Eça, Eugénio de Castro-, cataláns -Maragall, Xenius-, americanos -Rubén Darío-; aparecen místicos como Ruysbroeck e Novalis, e Ibsen entre os dramaturgos, e Nietzsche entre os filósofos, etc. Mais a todo isto hai que agrega-lo interese de Risco, “en demanda do insólito”, como el mesmo di, por cosmogonías e culturas de terras exóticas, así as cualifica: os misterios exipcios, as relixións indias -que o conduciron ó estudio do sánscrito-, o Popol Vuh de Guatemala, o Kalevala finlandés, etc. E Risco declara literalmente: “Espanñol, moi pouco”. Como dicíamos, estas eran as preferencias do Risco xuvenil. Por outra parte, é certo que na súa evolución intelectual e política

houbo cambios dramáticos; non obstante, en 1960, na antoloxía da súa obra publicada por Galaxia co título de *Leria*, afirma Risco que non lle había custar moito traballo seguir sostendo tódolos “supostos” en que se basea o pensamento de “Nós, os inadaptados”. E, por outra parte, non esquezamos que o soño do Risco nacionalista era unha Civilización Atlántica na que estivese integrada Galicia.

Risco considerábase autodidacta; dificilmente poderíamos aplicarlle o mesmo adxectivo a Viqueira. Pois o currículo académico de Viqueira -e lamento empregar unha palabra que actualmente se volveu tan antipática- é abraiante. Vai completando a súa formación na Sorbona e no Colexio de Francia e nas Universidades de Berlín, Leipzig e Gotinga e en cursos, seminarios e conferencias foi discípulo de Bergson e de Husserl, dúas cimas da filosofía do século XX, pero tamén doutros filósofos tan importantes como Simmel e Cassirer; a todo isto hai que engadi-los seus estudos de psicoloxía con Wundt, un dos fundadores da psicoloxía experimental, e con E. G. Miller etc. Desde logo, Viqueira dominaba as principais linguas europeas, ademais do grego e o latín, e fixo excelentes traducións de todas elas -lembro ter lido, antes de eu saber quen era realmente Viqueira, os *Diálogos de Hylas e Filonous* de Berkeley traducidos por el. E quizais non estea de máis subliñar que Viqueira soubo harmoniza-la súa condición de alumno e mestre da Institución Libre de Enseñanza coa súa entusiasta militancia no nacionalismo galego; un dato que a máis dun dos cidadáns “cosmopolitas” -entre comiñas- debora causarlle estupor. Verdadeiro cosmopolita foino, en cambio, o propio Viqueira, que por iso puido escribir: “¿Non foi en Berlín, en París, en Londres, onde máis chorei a nosa decadencia? [...] Os nosos chamados cosmopolitas teñen que aprender a ollar para o mundo”.

Desde logo, todo isto é sobradamente coñecido, mais convén, coido eu, salientalo de vez en cando. Porque na actualidade guíndanse contra os nacionalismos catalán, vasco e galego os cualificativos descualificadores, se se me permite este xogo de palabras, tradicionalmente manexados contra eles, pero cunha especial persistencia e pedantería e, por suposto, adoptando unha pose progresista, unha pose de individuo cosmopolita ceibe de vencellos sentimentais con patrias e comunidades. O caso é que estes nacionalismos reciben sen pausa a acusación de seren etnocéntricos, tribais, mitificadores, aldeáns, irracionais, etc. Agora ben, cando alguén se pronuncia deste xeito está a despreza-lo que ignora. Pois, alomenos nas figuras máis destacadas do nacionalismo galego, hai un ingrediente importante de pulo centrifugo, un desexo de supera-los dogmas pechados, o illamento imperialista, a pretensión de autosuficiencia e

de gloria incomparable do tradicional nacionalismo hexemónico fáctico -e subliño o de fáctico-. É o galego un “nacionalismo internacional”, usando unha expresión do profesor Ulises Moulines; é dicir, non ensumido na autocontemplación, senón interesado na existencia e na subsistencia das outras nacións e que ten a súa correspondencia no mesmo pobo galego, un pobo emigrante cheo de relacións familiares con toda América e ultimamente con tantas nacións europeas. No polo oposto atópase xusto o “nacionalismo hexemónico”, excluín-te por natureza, e ó servicio do cal están obxectivamente -e quizais tamén subxectivamente- os que nas súas diatribas se presentan como antinacionalistas, individualistas e cidadáns do mundo.

Como dicía antes, considero o termo nacionalista nun senso amplo, todo esforzo e toda actividade de calquera índole encamiñados a preservar e desenvolve-la identidade dun pobo e, moi especialmente, a súa lingua. Pois ben, sobre a base deste nacionalismo aberto incorporámonos, na medida das nosas aptitudes -ben escasas, certo é, polo que a min respecta- ó cultivo da literatura galega, tan esencialmente unida á lingua e tan necesaria como parte do acervo cultural dun pobo.

* * *

En principio, semella incuestionable afirmar que á literatura galega pertencen soamente as obras escritas na lingua galega. Pero ocorre que este criterio aínda orixina polémica. Aínda se aduce que con el botamos fóra da nosa literatura os escritores máis importantes que deu Galicia; por exemplo, Valle-Inclán.

Agora ben, cómpre dicir ante todo que non se trata dun criterio valorativo. Valle-Inclán é, desde logo, un escritor galego eminente, mais o seu posto está na literatura española que é, polo demais, onde el quixo estar.

A admisión do criterio do nacemento conduciría a resultados extravagantes. Segundo el, García Lorca non tería nada que ver coa literatura galega, mentres que escritores orixinarios de Galicia cunha obra enteiramente allea a este país, dos que se poderían citar bastantes exemplos, estarían incluídos nela.

É certo que pisamos un terreo no que os xuízos absolutos e o rigor esaxerado non son aconsellables. Considerémo-lo caso de Murguía. A súa obra está escrita en castelán, pero tendo en conta a súa significación, a súa importancia para o espertar da conciencia galega e da propia literatura galega, ¿non é nesta, e non na española, onde estará mellor emprazado?

Por outra parte, cada nación soberana tende ó separatismo literario, aínda que comparta con outras o mesmo idioma. O *Martín Fierro* é un clásico da literatura arxentina, non da española, e a literatura norteamericana considérase hoxe independente da inglesa.

Pero aínda temos outra complicación especialmente presente na literatura galega. Non podemos ignorar que algúns dos nosos máis destacados escritores, como Dieste, Blanco Amor, Cunqueiro etc., escribiron en castelán gran parte dos seus libros. Agora ben, ¿foron verdadeiramente acollidos e comprendidos polo “establishment” da literatura española? ¿Desexaron realmente integrarse nel? ¿Non ficaron as súas obras en castelán nunha especie de terra de ninguén? Supoño que as respostas a estas preguntas distarán moito de seren unánimes.

Sinalemos tamén outra particularidade que nos atinxe e que pode contribuir á creación de certa ambigüidade: a dobre edición, a publicación das obras en galego, pero inmediatamente despois, traducidas polo propio autor, en castelán.

Finalmente: é verdade que abundan as Historias da Literatura Española que lles reservan algún espacio ás literaturas “rexionais”, como nelas adoitan seren chamadas, pero vistas polo común brevemente e con certa dose de xenerosidade paternalista e como fenómenos en certa maneira anómalos e totalmente marxinais.

En todo caso, o criterio lingüístico é o dominante e o decisivo. Ninguén dubida, por exemplo, en encadrar a Joseph Conrad na literatura inglesa, malia ser polaco de nacemento. Por iso as historias da literatura están comunmente multiplicadas e nacionalizadas: historia da literatura grega, ou inglesa, ou española, etc. Non adoita pasa-lo mesmo coas historias da ciencia, ou da filosofía, etc.

Agora ben, o criterio lingüístico é aínda máis importante en literaturas como a galega, xustamente polos problemas que o idioma galego ten e tivo ó longo da súa historia, con evidente reflexo na súa literatura e incluso nas misións que poidan recaer sobre ela.

* * *

Non podo entrar no problema de cál é a misión da literatura, porque sería ascender a alturas filosóficas para min inaccesibles. De tódalas maneiras, gústame supoñer que a literatura, como calquera outra arte, é un fin en si mesmo, mais que isto non é obstáculo para que poida exercer outras funcións que, aínda que non sexan a

esencial, non deixan de teren unha importancia moi considerable. E que, concretamente, tal é o que acontece coa literatura galega nas súas relacións coa lingua.

A íntima unión entre lingua e literatura presenta caracteres especiais no caso da literatura galega. Pois a ninguén se lle oculta que o idioma galego se encontra nunha situación claramente insatisfactoria. Ante todo, está a sufrir a presión globalizadora á que xa nos referimos ó principio, pero é máis grave aínda a presión procedente do nacionalismo hexemónico. Esta presión non se leva a cabo hoxe coma nos tempos da Dictadura, é verdade, pero ten ó seu servicio outros recursos, máis ben indirectos, mais non menos demoledores. Por exemplo, a práctica totalidade dos medios de comunicación, a prensa, a televisión, a radio omnipresente. Non serán medios oficiais a maioría deles, pero están enteiramente identificados coa rancia ideoloxía estatal na súa continua ofensiva uniformizadora -particularmente no terreo idiomático- e masificadora, casticista, ignorante das diferencias ou intolerante con elas, incapaz de transixir mesmo co feito de que haxa nesta península pobos sen vocación taurina. Pouco significa que teñamos unha radio e unha televisión galegas se ó mesmo tempo se multiplican en cidades e vilas emisoras e canles de televisión locais totalmente colonizadas. Poderase dicir que hai outras Españas posibles, pero dun xeito ou doutro, o nacionalismo hexemónico non cambia substancialmente, sexa cal sexa o partido “de ámbito estatal” gobernante; España segue sendo a España tradicional.

Todo isto, ben o sabemos todos, ten consecuencias lingüísticas deplorables. Pero estas consecuencias están agravadas pola complicidade de boa parte do pobo galego. Non sabería determinar se tal complicidade é máis ben efecto ou máis ben causa coadxuvante desta colonización; quizais sexa ó mesmo tempo causa e mais efecto. O certo é que boa parte do pobo galego, inconsciente ou conscientemente, chegou á conclusión de que é vantaxoso esquece-lo galego e pasarse ó castelán. Lamentablemente, a primeira parte desta dicotomía vaina realizando con grande éxito; un éxito que, dito sexa de paso, abrangue tamén cunha forza notable, aínda que así mesmo con moi valiosas excepcións, á xuventude “cultá” do país, non obstante o feito de ter estudiado a lingua galega durante a ensinanza secundaria.

Polo que toca á segunda parte da dicotomía, a aprendizaxe do castelán, aquí o éxito é ben pobre. Aquí temos outra historia.

Escribiu Risco no seu libro *El problema político de Galicia* que os galegos falaban un castelán válido soamente entre eles, para andar pola casa, porque o “xenio” do castelán, afirmaba Risco, é alleo á inmensa maioría dos galegos. E aínda máis

cruamente, e mesmo con certo noxo, se expresaba Viqueira cando dicía que os galegos non galego-falantes usaban polo común “unha cousa -así a denominaba Viqueira- que as máis das veces só por aproximación pode chamarse castelán”. Pois ben, neste aspecto a situación actual non é mellor en absoluto que a dos tempos de Viqueira e de Risco, pese á omnipresencia do castelán, á que antes nos referíamos, en tódolos medios de comunicación. Tamén isto é ben sabido por unha exigua minoría de galegos, mais non pola masa da poboación, e sería bo -bo, ante todo, para ela- que se decatase. E é que o problema lingüístico de Galicia no se formula habitualmente de maneira realista. Afirmaba Ramón Piñeiro no seu escrito de réplica á tese lusista de Rodrigues Lapa: “A alternativa que nos propón a Historia non é: galego ou portugués, senón: galego ou castelán”. Eu modificaría o segundo termo desta última alternativa e diría: “A alternativa é: galego, ou esa cousa que só por aproximación pode chamarse castelán”. Quizais, dado que a palabra xa está inventada, hai que chamar-lle “castrapo”, aínda que tradicional e malintencionadamente foi aplicado esta especie de alcume polos que erroneamente se consideran castelán-falantes ó dialecto dos seus paisanos labregos cando intentan expresarse na lingua do Estado.

E conviña que esta masa de poboación se decatase tamén de que o seu esforzo de autonegación, de castelanización, non lle reporta unha maior estima, un sentimento comprensivo e de simpatía, entre os auténticos castelán-falantes. Polo contrario, produce máis ben desprezo e burla, non só nos ambientes populares -destinatarios dos “chistes de gallegos”-, porque tampouco é nada favorable, polo xeral, a resposta dos medios intelectuais españois. Poñerei un exemplo. Poucos anos atrás comunicábanos un xornal madrileño (*El País*, 6-XI-96) que o lingüista Gregorio Salvador escribira un artigo “delicioso” -así o cualificaba o xornal- sobre a pronunciación do noso anterior Xefe de Estado e que posteriormente levara a cabo estudos sobre os seus discursos. E, como froito destes estudos, sacou o señor Salvador a seguinte conclusión: que Franco pronunciaba moi mal o español. ¿E cal era a causa? O señor Salvador non dubida: o seu “galleguismo lingüístico”. Como consecuencia deste “galleguismo”, pensa o señor Salvador, Franco tiña unha capacidade lingüística moi deficiente.

Xulgo este exemplo significativo porque reflicte unha actitude típica de moitos intelectuais españois que non ven en absoluto con ollos favorables a perspectiva dunha plena normalización do idioma galego, pero, en cambio, que aquí se fale un infracastelán e que se cometan verdadeiras monstruosidades lingüísticas, mesmo nos topónimos, isto, máis ben, encóntrano divertido; despois de todo, serve para escribir

artigos deliciosos.

Agora ben, a idea, bastante espallada, de que a perda da fala galega non implica a desaparición do pobo galego como tal seméllame indefendible. Sen a súa lingua, Galicia quedará reducida a catro provincias anódinas, amorfas, enteiramente carentes de personalidade. Non se trata dunha simple hipótese, dunha opinión sen fundamento. Fixémonos nas masas urbanas xa desgaleguizadas. ¿Que queda nelas, especialmente nas xeracións máis novas, de Galicia? ¿Que modelo cultural tratan de assimilar?

Volvamos á literatura galega. A insatisfactoria situación da nosa lingua pode exercer, evidentemente, no escritor galego, unha influencia negativa, desmotivadora. Pero quizais non teña que ser así necesariamente. Diciamos antes que se o pobo galego perdese o seu idioma, desaparecería o pobo galego como tal. Pero o que non desaparecería sería xustamente o seu idioma. De maneira que tamén neste caso tende a enunciarse equivocadamente o estado da cuestión. En efecto, o idioma galego, recollido e preservado pola nosa literatura, e tamén por tódolos demais documentos pertinentes, incluídos os de carácter científico, subsistirá sempre, ficará sempre ó noso servizo, incluso quen sabe se en espera de tempos mellores -non estaría de máis lembrar aquí, aínda que resulte un tanto tópico, o caso do hebreo-. E nunca será unha lingua morta, porque na súa literatura alentará sempre a vida de onde procede e da que é reflexo.

Todo este arquivo vivo, por así dicilo, pertence a unha esfera do ser perdurable, alén e a salvo das reviravoltas da historia; pertence a ese ser ideal do que, dunha maneira ou doutra, se ocuparon case tódolos filósofos desde os tempos de Platón. E, posto que antes, cando falabamos de Viqueira, mencionámo-lo pensador alemán Georg Simmel, traduciremos dous breves textos sacados da tradución ó español realizada por Fernando Vela do libro de Simmel titulado *Problemas fundamentales de la filosofía*, xa que pensamos que son de interese para o tema que agora nos concerne. Como veremos, Simmel utiliza a expresión hegeliana de “Espírito Obxectivo”:

No decurso da historia da especie humana desenvolveuse unha inmensa serie de creacións que, nadas da invención e das actividades psicolóxicas subxectivas, acadaron despois unha vida obxectiva, espiritual, independente dos espíritos individuais que en principio as produciron e máis tarde as reproduciron.

E Simmel subliña tamén:

Este Espírito Obxectivo permítelle á actividade humana conserva-los seus resultados por enriba de tódalas persoas e reproducións individuais.

Pero se entre as creacións que integran o “Espírito Obxectivo” figura, e non creo que haxa dúbidas a este respecto, a lingua galega, perennizada singularmente pola súa literatura, estamos a recoñecerlle a esta, á literatura galega, unha misión decisiva e insubstituíble.

Agora ben, o certo é que, a pesar de tódalas circunstancias adversas, a lingua galega segue viva no pobo, segue a se-la lingua dos sectores fundamentais da sociedade galega.

Está lonxe de terse transformado nunha lingua meramente residual. Oxalá non o sexa nunca ou que, no peor dos casos, resista como un reducto ou bastión inexpugnable desde o que se poida poñer en marcha unha recuperación, empregando tódolos recursos posibles persuasivos, pacíficos e democráticos, entre eles a literatura. Deste xeito, a literatura galega poderá continuar nutríndose da fala popular e, ó mesmo tempo, emprestándolle a esta unha axuda seguramente importante, non tanto directa como indirectamente. Pois a literatura é unha arte minoritaria e tende a selo cada vez máis nunha sociedade visual, dominada polo imperio da imaxe, pero isto non lle impide exercer unha notable influencia difusa, empezando pola que pode irradiar esa mesma minoría autenticamente interesada nela, e contribuir así ó fortalecemento da conciencia galega. E esta é outra misión transcendente que á literatura galega lle toca desempeñar.

* * *

Naturalmente, temos que acepta-la literatura galega tal como é, e saca-lo mellor partido posible das súas eivas e limitacións xa inevitables. E é, ante todo, unha literatura anómala. Esvaecida durante os “séculos escuros” despois do seu espléndido florecemento medieval, sofre, a consecuencia da Guerra Civil, unha nova interrupción, non moi posterior ó seu Rexurdimento; unha interrupción máis breve, pero tamén máis dramática e violenta. Porque en España a censura prohibía libros, pero aquí o que estivo prohibido foi a propia lingua galega. E, desde logo, do meritorio labor do exilio a penas nos chegaba nada.

En definitiva, sobre a literatura galega non pesa a historia. Porque a historia tamén pesa e condiciona. Pero Galicia, máis ca unha comunidade histórica, semella unha comunidade anti-histórica. Polo de pronto, a xente galega, como tantas veces

temos oído, carece de memoria histórica. Pero, sobre todo, porque Galicia foi maltratada pola historia e, en consecuencia, ten que reaccionar contra ela. Para as nacións hexemónicas, pola contra, a historia é principalmente unha sucesión de victorias e de glorias incomparables, incluídas as victorias literarias, das que hai que se sentir orgulloso. Todo español ten que estar orgulloso de don Quixote, aínda que sexan moi poucos os que leron a novela de Cervantes e soamente un o que a escribiu. Agora ben, este etnocentrismo constitúe con frecuencia un atranco para unha comprensión axeitada do mundo, e máis en concreto, xa que estamos falando de literatura, do mundo literario. Poñerei un exemplo que quizais non sexa tan superficial como parece. Na contracuberta dunha moderna edición francesa do *Daphnis e Cloe* de Longo reproducécese o seguinte comentario de Jacques Laurent: “É un tema para Colette”. Pero con este enfoque tan estreito, con esta visión de *Daphnis et Chloé* mediatizada pola historia da literatura francesa, estase deformando e empequencendo a importancia da novela de Longo que, con tódolos respectos para esta escritora, é maior que a das novelas de Colette.

As historias da literatura das nacións hexemónicas teñen, pois, vocación de autosuficiencia; propenden á parcialidade, á limitación do universo literario. Por iso resultan máis atraentes as perspectivas temáticas e pluninacionais. Unha historia da novela, por exemplo, terá que ser sempre aberta e pluninacional. En definitiva, penso que o escritor galego está comparativamente mellor situado para selo.

E penso así mesmo que sería erróneo todo afán por “normaliza-la literatura galega” dun xeito mimético, todo desexo de encamiñala polos vieiros percorridos xa por outras literaturas; por literaturas que, se cadra inxustificadamente, consideramos “standard”. Neste erro caeríamos se dixesemos, por exemplo, que necesitamos un gran poema épico para non ser menos, literariamente, que, sen ir máis lonxe, os españois e mailos portugueses. Non creo que poida haber ningún conxunto de normas que establezan o que debe conter toda literatura nacional para que sexa completa. Ningunha literatura é completa, en fin de contas.

Un erro semellante cométese cando se expresan queixas sobre a existencia de supostos espazos baleiros que se poden atopar en xéneros literarios nos que, sen embargo, hai xa unha produción abondosa, como o novelístico. Ás veces escríbese que é de lamentar que aínda non teñamos unha gran novela sobre a vida da xente maniñeira, ou sobre unha determinada clase de emigración, etc. Penso que isto é confundi-la misión da literatura coa misión das reportaxes ou informes de tipo sociolóxico que poden ter, sen dúbida, unha grande utilidade, pero que pertencen a unha esfera distinta.

Por suposto, un novelista debe escribir unha novela sobre o mar se autenticamente sente a necesidade e se considera capaz de facelo, mais non por motivos extrínsecos. Herman Melville ou Joseph Conrad non nos ofreceron os seus relatos marítimos para encher ocos nas súas respectivas literaturas, senón por motivos persoais e profundos.

Aínda pode ser máis contraproducente a tentación dirixista se se deriva dunha previa definición do ser de Galicia que se erixa como criterio para determinar qué obras encaixan e, polo tanto, deben ser promovidas, e cales non, nunha literatura verdadeiramente galega. Se afirmamos un tanto dogmáticamente como calidades esenciais do home galego o humorismo, a fantasía, o individualismo, certo escepticismo, o talante moderado, o sentimento da terra, etc., etc., para rexeitar a priori toda obra literaria que non se axuste a esta concepción, caemos nunha especie de petición de principio e, ademais, corremos deste xeito o risco de desembocar nun nacionalismo, non, certamen-te, hexemónico, pero si centrípeto, pechado e mesmo intransixente.

En definitiva, cómpre evitar toda tentativa manipuladora e de limitación apriorística da liberdade do escritor, o que non impide, naturalmente, que logo cada quen xulgue unha obra concreta en consonancia cos seus gustos -bos ou malos, pero comprendo que isto implica valoracións subxectivas- e cos seus criterios.

E rematarei cunha breve referencia a un tema inesgotable: o das relacións, quizais cualificables como dialécticas, da parella Terra e Tempo, aínda que centrándome no noso País.

Ata anos ben recentes considerábase a Terra como o fundamento firme, inamovible, imperturbable. Os galegos podían renegar dela, pero a Terra persistiría sempre esencialmente igual e disposta a acoller a quen optase polo retorno. A breve narración de Risco titulada *A coutada* desenvolve claramente este motivo de fondo.

Sen embargo, o panorama cambiou totalmente para as xeracións da posguerra. O Tempo transformouse ante os nosos ollos nun vendaval, nun furacán pouco menos que imparabile, capaz de destruír todo canto lle saíse ó encontro e de substituílo por novidades imprevisibles e con frecuencia indesexables. E se ata entón se esquecerá da Terra, agora principiou a acometela tamén con ataques demoledores. A Terra revelóusenos, pois, como tan temporal, tan aniquilable coma as vilas e as cidades. Vimos que non había ningún fundamento seguro e inexpugnable. Pero, por outra parte, tampouco é admisible entregarse pasivamente á corrente do Tempo, flotar nela como follas soltas sen facer esforzo ningún para encanalo dalgunha maneira. É necesario

sustentarse en algo, ter un chan, unha Terra, se ben conscientes da súa vulnerabilidade, da súa inherente precariedade. Pois ben, esta experiencia do dominio do Tempo sobre a Terra influíu forzosamente na nosa literatura, e aludo á feita por gran parte das xeracións de posguerra, incapaces de apoiárense nas mesmas certezas, ou nas mesmas certezas relativas, que alongaron a súa vixencia quizais ata a década dos cincuenta; incapaces, en definitiva, de facer outra literatura que non sexa unha literatura marcada pola crise.

BIBLIOGRAFÍA

Mainer, José-Carlos (ed.) (1871): *Falange y literatura*. Barcelona, Labor.

Longus (1995): *Daphnis et Chloé*. París, Le livre de poche. (Les classiques d'aujourd'hui).

Moulines, Ulises (2002): *Manifiesto nacionalista*. Barcelona, La Campana.

Piñeiro, Ramón (1974): *Olladas no futuro*. Vigo, Galaxia.

Risco, Vicente (1961): *Leria*. Vigo, Galaxia.

Risco, Vicente (1981): *Teoría nacionalista*. (en *Obra completa 1*). Madrid, Akal.

Simmel, Georg (1946): *Problemas fundamentales de la filosofía*. (Traduc. de Fernando Vela). Madrid, Revista de Occidente.

Viqueira, Xohán Vicente (1974): *Ensaíos e poesías*. (Prólogo de D. García-Sabell). Vigo, Galaxia.

RESPOSTA
DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE

Se é sempre un honor responder en nome da Academia ó discurso dun novo compañeiro, neste caso, amais dun honor, é unha satisfacción moi especial, e aínda un privilexio. Ó longo de moitos anos fixen unha moi estreita amizade con Camilo González Suárez-Llanos. Sempre me sentín atraído pola súa rica e complexa personalidade, polo seu estilo pouco común entre nós de home elegante -elegante na súa escrita, no seu estilo na vida, nas súa ollada crítica, ás veces ben radical-, elegancia un tanto británica, de criterio moi independente sempre -tanto que por veces pouco lle importa non ser politicamente correcto-. O menos común e imaxinable nesta Galicia “rústica e pobrezinha” que dixo o poeta. E, curioso que me resulta, home peripatético como case tódolos personaxes das súas narracións, e como o foi tamén o académico a quen sucede, aquel simpático e rexo don Xesús Carro que, cada día e ás catro menos dez da tarde, pasaba baixo os soportais da Rúa do Vilar, camiño do Instituto Padre Sarmiento, onde o agardaba outro peripatético compostelán, o meu profesor de Dereito Canónico, e tamén académico, don Paulino Pedret Casado. E cando don Xesús pasaba, don Ramón Otero Pedrayo advertíanos: “Señores, pasa don Xesús Carro: as catro menos dez”. E así anos e anos.

Camilo é dos primeiros escritores que, logo dos máis escuros anos do franquismo, sae polo mundo adiante: é profesor nos EE.UU., vive en Londres, vai a Moscova e Islandia, a Noruega e outros países. Estudia o noruegués, porque quere ler a Knut Hamsun na súa lingua e porque ten especial interese polas sagas e polos países nórdicos. En Madrid, onde se licencia en Dereito e en Filosofía e Letras, trata a Pío Baroja, cartéase con el, e o gran novelista e escritor é unha das súas lecturas de cabeceira. Coñece a Celestino Fernández de la Vega e logo a Ramón Piñeiro, mantendo cos dous unha estreita amizade. E a Pimentel e a Fole, a Allué Andrade, e, xa en Madrid, a Ferrín, Lorenzo, Patiño, Bernardino Graña e outros. Como no poema de Kavafis, saíu de viaxe para un día volver cheo de tesouros, isto é, con outra visión do mundo, do seu país e, se cadra, de si mesmo. Como hai que vivir, exerceu como catedrático de Filosofía en varios institutos. E, con vagar e sen ningunha présa -certa flegma británica, ou ó mellor de Sarria, é tamén característica súa-, foi tecendo a súa obra literaria, ata este momento composta de tres novelas e dous libros máis de narracións moi diversas. Máis de corenta anos servindo á literatura deste país. E non de calquera maneira, como imos ver.

En principio, escribir moito é un síntoma sospeitoso. Para min sempre o foi.

Camilo ten un ritmo especial. Eu diría que se rexe aínda polo tempo cósmico. Ou polo menos, que fai o que pode para non afastarse del. E vai tecendo a súa literatura sen présa e sen vagar. Ó seu ritmo. Deixémolo que siga dando os seus paseos por Vigo adiante, algunha que outra volta por Sarria ou por Noia. Ou tamén algunha saída polo mundo adiante, como adoita facer. Porque é o seu ritmo. Eu sei que deixándoo ó seu ritmo calquera día, penso que moi axiña, daranos outra novela, outras narracións, algunha cousa nova. Pero non lle alterémo-lo ritmo. Perderémo-lo tempo porque non nos fará caso. Sabe defenderse. Iso, defende-lo seu ritmo.

A literatura dunha persoa con estes antecedentes, por forza, tiña que ser unha literatura civilizada. E non só civilizada, senón, ademais, anovadora. Características que eran tamén as dos outros compañeiros de xeración -dos que, por certo, dous xa non existen, un por falecemento prematuro, caso de Xoán Casal, e outro por cesación tamén prematura da actividade literaria, caso de Gonzalo R. Mourullo-. Momento espléndido o daqueles anos finais da década dos cincuenta e primeiros da dos sesenta: logo de máis de vinte anos metidos no tobo franquista, lonxe de toda esperanza pero non dalgunha ilusión, unha nova xeración galega era saudada por Otero Pedrayo, nunha fría tarde de febreiro de 1957, asegurando que en Galicia se percibía unha iniciación.

E nela, nesa iniciación, estaba Camilo González Suárez-Llanos, coma moitos que non nomeo porque están na mente de todos, quen comeza a súa carreira de escritor galego. E faino cun libro de relatos co que se instala xa con seguridade na literatura galega, *Lonxe de nós e dentro*. Non sempre se ten salientado un feito que aínda hoxe teño por unha curiosa casualidade: é un libro que chama a atención de Vicente Risco, da xeración máis afastada no tempo da de Camilo, e, tamén, a dun dos escritores máis novos e prometedores do momento, Méndez Ferrín, quen sinalou as manifestacións das técnicas do conductismo que observa nestes relatos, técnica á que Camilo volverá noutras obras posteriores. Sen esquecer tampouco a Ánxel Fole, dunha xeración intermedia, que se decata de que neste libro hai un escritor ben definido, interesándose máis polo contido dos relatos e moito menos polas súas técnicas narrativas.

Séguelle a este libro unha novela longa, *Como calquera outro día*. O autor dinos que “quixo narrar un xeito peculiar de pasar a Guerra Fría da década dos cincuenta. Entendendo aquí por Guerra Fría non só a situación política internacional dominante no tempo aquel, senón tamén, e mesmo principalmente, as súas consecuencias españolas”. Constituíndo o eixo do relato “as voltas do protagonista ao longo dun día —O DÍA— de fin da década mencionada; mais tamén se narran, se ben non consideradas dende un

punto de vista subxectivo, lembranzas ese día dominantes na conciencia daquel, e que se remontan ó ano 56 —LONDRES—, a anos intermedios entre o 56 e o propio día —RUIBAL, JENY—, e tamén a anos anteriores ó 56 -algunhas partes de RUIBAL”.

Cara a Times Square é o seu terceiro libro de narracións. Do escenario londinense pasamos agora á noite neoiorkina. Nun e noutro caso, pode que o escenario non sexa o máis importante. Neste relato, polo que tanta debilidade sinto, Camilo traballa con mestría o valor estético da ambigüidade. Pois ambiguos son os personaxes que camiñan pola noite neoiorkina adiante (personaxes peripatéticos que tanto abundan nos seus relatos), ambiguas as situacións en que se desenvolven, ambiguas as súas identidades, ambiguo o mundo no que se moven. Eu teño subliñado que esta ambigüidade pode levarnos a distintas lecturas, á suxestión de planos e situacións contrapostas, á percepción de realidades esvaradías, realidades que ó mellor son aparencias, e así vemos que os datos da realidade inmediata non son nada seguros (a parada de autobuses non é tal, ou pode que non o sexa, o Belga que resulta que non o é, aquela cidade situada na beiramar), se ben son os que o autor manexa para tece-la andamiaxe do relato.

Outra novela segue a este orixinal e fermoso relato. Trátase de *Desfeita*. Aquí cambia a paisaxe. Nin Londres nin Nova York. Pode que unha vila calquera de Galicia, sen que se trate de ningunha en concreto. O autor avisa que non é Sarria a vila na que se moven (e andan, andan moito eses personaxes de *Desfeita*, como en xeral tódolos que Camilo creou) personaxes dispartados uns, botados para diante outros, medio desleigados algúns, ou iso parece, xente que é ben doado atopar en calquera vila nosa dos nosos días. A “desfeita” que nos comunica a novela homónima non é só a destrucción, a deturpación e o desleixo urbanístico da nosa paisaxe vilega. A min parécese que nela entran tamén seres humanos que se nos presentan como destruídos, deturpados e desleixados coma o mesmo medio que os acubilla ou en que se moven. Ó meu ver, nesa novela o ser humano e o seu mundo aparecen confundidos e non se poden esgazarlos homes da súa paisaxe, da fea paisaxe que semella facer deles criaturas tamén de restoballo, de humanidade pouco atractiva.

Por outra banda, hai nesta novela moitos recursos expresivos: unha estrutura externa, clásica, e outra interna moi complexa e que funciona un pouco á marxe da outra, como ten sinalado Rodríguez Baixeras, artificios como o “flash-back”, algunha bifurcación de personaxes, certas notas do absurdo e aínda do ridículo e, como moi ben escribiu o mesmo Baixeras, un entronque coas artes escénicas, que fan “que esta novela

tanto sexa para ver como para ler”, ou sexa, unha riqueza evidente de recursos expresivos requiridos pola ficción do relato.

Arredor do non é, polo de agora, o seu último libro. Un moi orixinal libro de relatos que merece moita atención. Porque nel están algunhas das notas definidoras do mellor Camilo Gonsar: a súa claridade, esa difícil claridade que só se conquista con talento e con esforzo, á que só chegan algúns e que, ó mellor, el aprendeu en Baroja, as finísimas observacións do mundo de arredor, reparando en elementos definidores dese mundo, e no día de hoxe, a súa ironía de home que vén de volta de tantas cousas (pensade, senón, na “autoentrevista” que se inclúe neste libro), e sempre, agora o mesmo que no seu primeiro libro, a visión do noso mundo como unha realidade que de cando en vez imita literalmente a Kafka. Se ben, como Vicente Risco observou ó comenta-lo seu primeiro libro, aquí, é dicir, nos relatos de Camilo todo se explica, por máis que na realidade sucedan cousas que se se escribisen ninguén crería.

Digamos, ó cabo, que é difícil expoñer con tanta claridade, como fai neste seu discurso de ingreso, a nosa experiencia, non común, de escritores galegos. Penso que nada podo engadir á súa exposición artellada en esquema claro, ou, como o mesmo Baixeras dixo da súa prosa, “sobrio, xusto, expresivo e persuasivo”. Non quixera eu desdebuxalo agora con consideracións que sempre van estar de máis. Mellor será que nos quede a idea da síntese, da claridade, da difícil sinxeleza da súa expresión, desa prosa ascética á que só chegan moi poucos. Só direi que ese discurso será de agora en diante peza que contribuirá a mellor coñece-la nosa experiencia de escritores galegos, experiencia que é o noso traballo de cada día, que sempre o seguirá sendo e, xusto por iso, unha e outra vez haberemos de ter presente no noso oficio.

Sexa, pois, benvido á nosa Academia este verdadeiro escritor que é Camilo, autor dunha obra moi depurada e sólida, chea de sobriedade e de precisión, sen concesións a vaidades ou a modas que non teñen outro destino que pasar de moda, traballada con honestidade, con ese rigor que cómpre para poñer en claro, tan en claro como el sabe facer, o que se quere expresar. Todo isto é o que fai da súa literatura unha experiencia que non se esquece, porque cada páxina súa é sempre singular. Algo que moi poucas veces se pode dicir dun escritor nesta terra nosa -e pode que tampouco noutras-. Porque estes bens, os que proveñen do talento, son escasos sempre.

Benvido, pois.

ÍNDICE

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON CAMILO GONZÁLEZ SUÁREZ-LLANOS.....	9
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE.....	27

